

A importancia do tecido municipal na construción do Proxecto Fiare

O Proxecto Fiare

O Proxecto FIARE é unha proposta **de intermediación financeira que persegue a transformación social** a través do financiamento de proxectos sociais, ecolóxicos e culturais que favorezan o desenvolvemento humano na nosa sociedade e no mundo.

Tamén pretende posibilitar que a cidadanía apoie cos seus aforros ditas actividades, decidindo o uso que destes fai a entidade financeira e excluindo inversións especulativas ou de apoio a actividades asociadas ao mantemento da inxustiza.

Fiare presenta como o seu elemento central o modelo de construción do Proxecto: unha extensa rede xuridicamente vencellada de movementos sociais de todo o Estado. Un banco **en mans da cidadanía e das súas organizacións sociais**, cuxo funcionamento baséase nos principios da participación, a cooperación e a transparencia. Un modelo de **Banca Ética Cidadá**, que é sobre todo un proxecto de artellamento de cidadanía (persoas e organizacións) para facer intermediación financeira de acordo cuns principios radicalmente diferentes.

Fiare está formado por dez redes territoriais, que agrupan a máis de 600 organizacións. Está presente en Euskadi, Navarra, Catalunya, Madrid-Zona Centro, Valencia, Andalucía-Estremadura, Galiza, Castela-León, Canarias e existen redes en proceso de construción en Baleares, Murcia, Aragón...

A actividade financeira de recollida de aforro e concesión de financiamento que desenvolve Fiare está poñendo máis dun millón de euros mensuais ao servizo das necesidades de crédito dos sectores nos que Fiare opera: inserción social e laboral, cooperación, comercio xusto, agroecoloxía e transformación de valores. A finais de 2011, Fiare concedeu financiamento a máis de 150 proxectos, por un valor total superior aos vinte e seis millóns de euros. Así mesmo, recolleu máis de trinta millóns de euros de aforro.

A importancia do nivel local no Proxecto Fiare

As experiencias de Banca Ética cidadá similares a Fiare a nivel europeo confirmaron hai xa tempo que os concellos son uns axentes sociais cuxa implicación na rede social que desenvolve o proxecto é de grande importancia. A experiencia de Banca Popolare Ética de Italia, entidade pioneira no desenvolvemento e consolidación deste modelo, conta a día de hoxe con máis de 400 Concellos entre a súa base social, e desenvolve un gran número de proxectos en colaboración con estes nos campos da promoción do emprendemento, o medioambiente ou as alternativas en vivenda.

A nivel estatal, hai xa algúns municipios (Sabadell, Lumbier, Distrito de Gracia de Barcelona, Donostia, Ordizia) que aprobaron mocións relacionadas co apoio á Banca Ética e se incorporaron como socios ao proxecto. Tamén os parlamentos de Euskadi, Castela-León, Navarra e Baleares aprobaron mocións similares. Referencias sobre a necesidade de apoiar o desenvolvemento da Banca Ética pódense atopar tamén nos programas electorais de diversos partidos. A nivel europeo, a Unión Europea designou como boa práctica bancaria a desenvolvida polas entidades que, como Fiare, estamos integradas na Federación Europea de Banca Ética e Alternativa (www.febea.org).

Fiare comparte esta visión sobre a importancia da administración local no artellamento do seu proxecto no Estado español, e busca unha aproximación consistente ao tecido municipal que permita integrar unha rede o máis ampla posible de concellos entre a súa base social.

A proposta: Concellos pola Banca Ética

Para poñer en marcha este proceso, Fiare plantexa o desenvolvemento do proxecto: “**Concellos pola Banca Ética**” que teña como **obxectivos principais** o achegamento do modelo de Banca Ética Cidadá aos concellos e, especificamente, á proposta que desenvolve Fiare.

O proxecto ten o seu encaixe natural na situación de maior conciencia sobre o impacto que ten no benestar xeral as decisións relacionadas co ámbito financeiro, así como nos procesos que moitas administracións locais están desenvolvendo baixo os programas que xorden das Axendas21 locais, das campañas de concellos polo comercio xusto e o consumo responsábel e dos principios dos programas de cooperación ao desenvolvemento e loita contra a exclusión que se artellan localmente.

Fiare propónse artellar o proxecto “**Concellos pola Banca Ética**” en torno a unha serie de actuacións, entre as que podemos destacar (de forma non exhaustiva nin ordenada no tempo):

- Elaboración e sinatura dun *Manifiesto dos Concellos pola Banca Ética*.
- Xornadas: *a Banca Ética no ámbito local*
- Formación a persoal dos Concellos no consumo responsábel dos produtos financeiros e no modelo de Banca Ética Cidadá.
- Incorporación de Concellos ao Proxecto Fiare subscribindo capital social do Proxecto
- Oficinas locais do Proxecto para a difusión, sensibilización, recollida de capital social, aforro e solicitudes de financiamento (a día de hoxe, Fiare ten oficinas en Bilbo, Gasteiz, Donostia, Irún, Pamplona, Barcelona, Madrid, Córdoba e Granada, entre outros)
- Programas específicos de apoio financeiro en colaboración coas administracións locais en ámbitos como o emprendemento, o acceso á vivenda, agroecoloxía...

Fiare trae a este proxecto unha extensa rede de organizacións, moitas destas traballan estreitamente coas súas administracións locais. Tamén oferta unha capacidade de financiamento que, se ben é reducida en termos estritamente bancarios, supón un fluxo directo de aforro cidadán cara a proxectos de loita contra a pobreza e a exclusión, único campo ao que Fiare orienta a actividade de crédito.

En último termo, oferta así mesmo desde a súa propia estrutura ou a través de organizacións implicadas, a capacidade de desenvolver tarefas de formación e sensibilización no consumo responsábel en xeral e, particularmente, no uso de ferramentas financeiras.

Proxecto Fiare
Asociación FiareGz
fiarez@proyectofiare.com
info@proyectofiare.com

Febreiro 2012